

Resolución do 14 de decembro de 1989, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dá publicidade ós Convenios entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre xestión de Bibliotecas, Museos e Arquivos de titularidade estatal (BOE núm. 303, de 19 de decembro), modificado polo convenio do 4 de novembro de 1994 (feito público por Resolución de 22 de novembro de 1994 —BOE núm. 306, de 23 de decembro—)

Téndose subscrito entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia os Convenios sobre a xestión de Bibliotecas, Museos e Arquivos de titularidade estatal, e en cumprimento do disposto no acordo da Comisión Delegada do Goberno para Política Autonómica, procede a publicación no «Boletín Oficial del Estado» de ditos Convenios, que figuran como anexo desta Resolución.

O que se fai público ós efectos oportunos.

Madrid, 14 de decembro de 1989.—O Secretario xeral técnico, Enrique Balmaseda Arias—Dávila.

CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE CULTURA E A XUNTA DE GALICIA SOBRE XESTIÓN DE BIBLIOTECAS DE TITULARIDADE ESTATAL

421

Na cidade de Madrid a 5 de decembro de 1989, reúnen-se os Excelentísimos señores don Jorge Semprún y Maura, Ministro de Cultura, e don Alfredo Conde Cid, Conselleiro de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, ó efecto de proceder á sinatura do Convenio de Xestión de Bibliotecas de titularidade estatal existentes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; Considerando que o Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia lle recoñece á mesma no seu artigo 27 competencias en materia de Cultura, e que o Real Decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Cultura, prevé no seu anexo I, letra D, apartado d., que mediante Convenio entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma se establecerían os termos dos dereitos e obrigas de ambas as partes en materia de xestión de Bibliotecas de titularidade estatal;

Considerando que o presente Convenio é necesario e conveniente por canto supón un tratamento homoxéneo da xestión destes Centros culturais en todo o territorio nacional, sendo o seu contido coherente no marco de competencias culturais asumidas polas Comunidades Autónomas.

Os abaixo asinantes, tendo en conta as anteriores circunstancias, e de acordo co previsto na Constitución Española, no Estatuto de Autonomía da Comuni-

dade Autónoma de Galicia e na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e normas de desenvolvemento conveñen a xestión de Bibliotecas de titularidade estatal na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ás seguintes cláusulas:

Ámbito do Convenio

- 1 O presente Convenio afecta exclusivamente á xestión das Bibliotecas de titularidade estatal existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se relacionan no anexo adxunto.
 - a. A xestión exercerase de acordo co disposto na Lei de Patrimonio Histórico Español, Estatuto de Autonomía e respectivas normas de desenvolvemento, así como polo previsto no presente Convenio.

Fondos

§26º

- 1 O Estado mantén as titularidades que na actualidade lle corresponden sobre os fondos que se conservan nas Bibliotecas obxecto deste Convenio, efectuándose a súa xestión pola Xunta de Galicia.
 - a.
 - Os ingresos de fondos que, en cumprimento da lexislación vixente, se efectúen nas Bibliotecas obxecto deste Convenio non modificarán o réxime da súa titularidade dominical, sen prexuízo de que a xestión das mesmas se efectúe pola Xunta de Galicia.
 - O Ministerio de Cultura ou a Xunta de Galicia poderán realizar os depósitos que consideren convenientes en calidade de propietarios ou de mandatarios dun terceiro, que se rexerán pola normativa legal e regulamentaria de aplicación. No caso de depósitos de terceiros respectarase en todo caso o pactado no respectivo contrato.
 - b.
 - A Xunta de Galicia, no exercicio da xestión bibliotecaria dos fondos que ingresen nas Bibliotecas obxecto deste Convenio, asume a responsabilidade da mesma nos termos establecidos neste Convenio e na lexislación aplicable.
 - c.
 - Sen prexuízo dos servizos habituais de préstamos públicos a saída de fondos de titularidade estatal das Bibliotecas obxecto deste Con-

venio rexerese pola normativa legal e regulamentaria que sexa de aplicación. No caso de depósitos respectaranse as condicións dos mesmos.

- Os manuscritos, os incunables e as obras das que non conste a existencia de tres exemplares nas Bibliotecas obxecto deste Convenio, así como as que, pola súa relevancia, foron declaradas Bens de Interese Cultural, ou están incluídas no Inventario Xeral de Bens Mobles do Patrimonio Histórico Español, deberán ser incluídos nun inventario especial da Biblioteca.

Toda saída fóra das Bibliotecas destes fondos deberá ser autorizada mediante Orde do Ministerio de Cultura, previo informe á Comunidade Autónoma.

- d. A Xunta de Galicia comprométese a entregar ás expresadas Bibliotecas o preceptivo exemplar das obras, procedentes do Depósito Legal en cada provincia.
- e. Calquera Convenio sobre reprodución total ou parcial de fondos de titularidade estatal contidos nas Bibliotecas a que se refire o artigo 1.1, ou de duplicación de fondos reproducidos en microfilme, requirirá a previa conformidade do Ministerio de Cultura. Entenderase que dito Departamento outorgou a súa conformidade cando teña transcorrido máis dun mes desde a recepción da solicitude polo Director xeral do Libro e Bibliotecas sen que este teña manifestado expresamente a súa desconformidade. Cando sexa o Ministerio de Cultura o que subscriba o Convenio de reprodución de fondos debera poñelo previamente en coñecemento da Xunta de Galicia. No caso de que a reprodución afecte a fondos custodiados en réxime de depósito respectaranse as condicións do mesmo.
- f. A Xunta de Galicia garantirá o cumprimento das normas estatais e autonómicas que regulen tanto o préstamo dos fondos como o acceso á consulta dos mesmos nas Bibliotecas obxecto deste Convenio.

423

Persoal

- 1 A provisión de tódolos postos de traballo das Bibliotecas de titularidade estatal que se xestionen en virtude do presente Convenio corresponde á Xunta de Galicia, de acordo coa lexislación vixente.
- 2 Os funcionarios transferidos á Comunidade Autónoma integraranse plenamente na Organización da Función Pública da Comunidade Autónoma,

de acordo coa Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia e coa lexislación estatal básica sobre a materia.

- 3 O Director das Bibliotecas de titularidade estatal será nomeado polo órgano competente da Xunta de Galicia. Dito nomeamento será comunicado ó Ministerio de Cultura.
- 4 A Xunta de Galicia, por si, ou en colaboración co Ministerio de Cultura, realizará cursos de formación e perfeccionamento para o persoal das Bibliotecas.
- 5 O persoal técnico da Xunta de Galicia con destino nas Bibliotecas referidas no artigo 1.1 poderá participar en igualdade de condicións nos cursos de formación e reciclaxe que organice o Ministerio de Cultura ou nos programas e axudas ou bolsas de estudio financiados con cargo a acordos intergubernamentais.

Edificios e instalacións

- §26º
- 1 O Estado conserva a titularidade dos edificios e instalacións das Bibliotecas obxecto deste Convenio.
 - 2
 - a. Os investimentos que se realicen nos edificios das referidas Bibliotecas e que non supoñan a mera conservación dos mesmos, serán programados polo Ministerio de Cultura, previa consulta cos órganos competentes da Xunta de Galicia, que poderá formular as propostas que estime oportunas a tal efecto. Ditos investimentos realizaranse con cargo ás partidas que se habiliten ó efecto nos orzamentos Xerais do Estado, ou na forma que, no seu caso, se estableza por acordo entre o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia.

Os gastos de persoal e funcionamento que orixine a ampliación dos edificios ou a posta en funcionamento de novas sés serán asumidos pola Xunta de Galicia, na forma que prevexa a normativa sobre financiamento dos servicios transferidos ou xestionados pola Comunidade Autónoma.

 - En todo caso, a contratación, execución e recepción das mesmas levarase a cabo de acordo co previsto na lexislación de contratos do Estado.

- 3 O mantemento e conservación dos edificios será competencia da Xunta de Galicia. Ditos edificios só se dedicarán ó uso propio das funcións das correspondentes Bibliotecas.

Actividades culturais

Nas Bibliotecas obxecto deste Convenio, e con independencia das actividades bibliotecarias, poderanse realizar outras actividades culturais programadas pola Xunta de Galicia ou pola Administración do Estado para a execución, neste caso, de campañas de ámbito estatal.

Organización e comunicación interbibliotecaria

- 1 Os Directores das Bibliotecas son responsables da adecuada organización, funcionamento e actividade investigadora do Centro e dos seus fondos, con criterios técnicos e de acordo coas normas legais ou regulamentarias que sexan de aplicación.
- 2 O Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán acceder ás Bibliotecas obxecto deste Convenio ou inspeccionar o funcionamento das mesmas, a fin de garantir o cumprimento dos seus fins específicos.
- 3 A Xunta de Galicia garantirá o mantemento dos vínculos de relación existentes entre as Bibliotecas públicas de titularidade estatal no seu territorio e o resto das Bibliotecas públicas do Estado.
- 4 A Xunta de Galicia establecerá a coordinación conveniente entre as Bibliotecas de titularidade estatal e as de competencia autonómica, a fin de conseguir a eficaz sistematización dos seus servicios bibliotecarios, e garantirá a aplicación das correspondentes normas técnicas estatais e da Comunidade Autónoma de Galicia ás Bibliotecas obxecto deste Convenio.
- 5 O Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia nas súas respectivas condicións de administración titular e administración xestora, comprométense a manter un permanente intercambio de información sobre as Bibliotecas obxecto deste Convenio, así como sobre os edificios e instalacións, situación dos fondos e funcionamento dos servicios.

- 6 Ambas as partes estudarán as melloras necesarias para que os servizos prestados por ditas Bibliotecas alcancen o nivel óptimo, colaborando en programas encamiñados a dito fin.

Final

Os termos do Convenio poderán ser modificados total ou parcialmente de común acordo, a instancia de calquera das partes e previa denuncia con seis meses de antelación.

O Ministro de Cultura, Jorge Semprún y Maura.–O Conselleiro de Cultura e Deportes, Alfredo Conde Cid.

ANEXO

Relación de Bibliotecas

Biblioteca pública. Rúa San Carlos, sen número, A Coruña.

Biblioteca pública. Praza de Salvador Parga, 4, Santiago de Compostela.

Biblioteca pública. Avenida de Ramón Ferreiro, sen número, Lugo.

Biblioteca pública. Rúa Concello, 13, Ourense.

Biblioteca pública. Rúa Afonso XIII, 3, Pontevedra.